

“Vexamos, Fandiño, e ti, que estás facendo aquí? Porque temas para unha novela tes de abondo sen saír da casa. Mesmo as túas andanzas servirían para o material literario que andas a buscar”. Os seguidores de Vicente Araguas terán, se cadra, recoñecido esta cita: pertence á súa novela *A canción do verdín* (publicada en 2001), mais tamén podería resumir a esencia dos presentes relatos, nos que o autor, instalado en fondo e forma no seu territorio habitual literario, unha vez máis adopta a voz e préstalle a memoria -ou viceversa- ao personaxe dese Fandiño mozo que, coma el, descobre a vida aos poucos, co paso dos veráns, rodeado de historias nas terras de Xuvia-Neda.

Fiel ao seu estilo particular, no que o marcado ritmo outorga equilibrio á inopinada sintaxe, Araguas conforma un discurso que suxire a espontaneidade da narración oral, pero que, en realidade, reflicte a deconstrución metódica característica dun nada inocente ex-

Experiencia da palabra

Un discurso sen fronteiras

DOLORES MARTÍNEZ TORRES

perimentador da palabra. Aparecen aquí temas e recursos comúns na súa escrita, na que, coma o autor

declara, ás veces non hai fronteiras entre poesía e prosa; as voces mestúranse no discurso narrativo, simultanéanse accións en diferentes espazos e tempos

-velaí, por exemplo, o relato titulado “Veronal o cinco de agosto, martes”, e as asociacións de elementos coas que se constrúen as esceas céméntanse con liberdade lírica. Mesturadas coas referencias aos clásicos e adornadas con detalles pop atópanse as tradicións máis enxebres -véxanse, a propósito, “Perico en lúas”, ou “Onde estea un acordón”; e os endemismos léxicos -pepe-

retada, arruchi, cerillita, forriche e outros tesouros da fala de Trascancos- conviven cos termos cultos e as moí cosmopolitas expresións noutras linguas.

As distintas historias, artelladas arredor dos veráns da infancia e mocidade de Fandiño -ese tempo de melancolía carnal, onde se agardan imposibles-, reviven unha época que abrangue dende o fin da Guerra Civil á actualidade, con referencias a acontecementos da comarca. Os infames paseos de madrugada naquel “Fiat 509, matrícula tres mil e algo da Coruña”; ese tenente que os fuxidos mataron ao baixar do tranvía número 2; a visita de Marcelino, o do famoso gol. Mais tamén as “garzas e gargetas, lavancos e cormoráns” que acoden á ribeira, e as camelias a florecer nas hortas, e os rostros dos antigos amigos que mudan en adultos estraños. En *Xuvia-Neda*, Fandiño namorou dos ollos verdes de Lady Pepa e bailou con ela. E disque por alí pasea certo esmoleiro que ten unha “orquestra de heterónimos, coma Pessoa, para pedir o caldo no canto de facer poemas”; e que hai unha casa que chora coas cancións tristes, e que a raíña das festas, vella e espiada, fala co seu can diante do espello.

ARAGUAS, Vicente, *Xuvia-Neda*, Ed. Xerais, Vigo, 2010, PVP15,80 €

